

GOBIERNO CIVIL
DE
ORENSE

12
-1-

5/a

Jurado P. de Montes en Mano Común

En sesión celebrada en la fecha que se indica, se adoptó el siguiente

ACUERDO

En la Ciudad de Orense, a 27 de Octubre de 1.976

Visto, en el día de la fecha, por el Jurado Provincial de Montes en Mano Común, con asistencia de los señores que constan en acta, el presente expediente de clasificación de los montes denominados: "Valdeyeguas"

tramitado a instancia de la Administración Forestal, como perteneciente en régimen de comunidad germánica a los vecinos de Tropa

RESULTANDO: Que por los Servicios de Investigación Forestal se confeccionó la carpeta-ficha de los montes objeto de este expediente, conteniendo el croquis "mosaico" de fotografías aéreas, la situación jurídico-administrativa, con un estudio histórico de la evolución de la propiedad colectiva vecinal, estado de los montes en relación al Catálogo, Inventario y Registro de la Propiedad y la posición de la Administración Municipal, situación de hecho, para llegar a la conclusión de que tales montes son claramente definibles como montes vecinales en mano común, porque la posesión vecinal es pacífica y no interrumpida, desde tiempo inmemorial, en concepto de dueños, porque tienen una procedencia foral, porque la propiedad ha permanecido indivisa y los aprovechamientos vienen siendo mancomunados, ligados a la condición de vecinos de sus beneficiarios, sin fijación de cuotas específicas; porque el Ayuntamiento presta aquiescencia a la posible calificación de vecinales en mano común.

RESULTANDO: Que en sesión del Jurado Provincial, de fecha 6 de Junio de 1.972 se acordó iniciar expediente para la clasificación de los montes de referencia, designando como instructor a Don Ovidio Chamosa Sarrandesa, quien aceptó el cargo y procedió a su tramitación, librándose mandamiento para la anotación preventiva en el Registro de la Propiedad del Partido; también se acordó oír a todas las personas, organismos y corporaciones interesados, librándose comunicaciones a tal fin, dirigidas al Sr. Alcalde del Término municipal; Presidente de la Junta de Comunidad o Alcalde Pedáneo, Presidente de la Hermandad Sindical de Labradores y Ganaderos, Diputación Provincial y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., publicándose edictos en el Boletín Oficial de la Provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento.

RESULTANDO: Que en la tramitación del presente expediente se han cumplido las formalidades legales, especialmente cuanto dispone la Ley de Montes en Mano Común, de 27 de julio de 1968, y el Reglamento para su aplicación, de 26 de febrero de 1970, así como lo establecido en la Ley de Procedimiento Administrativo, de 17 de julio de 1958.

VISTOS, los preceptos citados y demás disposiciones de general aplicación.

CONSIDERANDO: Que el Jurado Provincial de Montes en Mano Común tiene jurisdicción y competencia para conocer del presente expediente de clasificación de los montes que tengan tal carácter, a tenor de lo dispuesto en el art.º 10 de la Ley citada y el art.º 10 de su reglamento.

CONSIDERANDO: Que la Administración Forestal es parte legítima para solicitar la iniciación del presente expediente de clasificación de los montes como vecinales en régimen de comunidad germánica o mano común, como así lo reconoce el art.º 11 de la citada Ley de Montes en Mano Común.

CONSIDERANDO: Que el tipo de comunidad germánica que instituye la Ley de Montes en Mano Común, inspirada en el reconocimiento que de esta comunidad ha hecho el Tribunal Supremo, entre otras, en las Sentencias de 22 de diciembre de 1926, 28 de diciembre de 1957, 30 de septiembre de 1958 y muy especialmente en la de 2 de febrero de 1965, tiene como características esenciales las siguientes: 1.ª) - Los condóminos están unidos por vínculos personales de vecindad, agrupados en parroquias, aldeas, lugares, caseríos o barrios; no constituidos formalmente en Entidades Municipales. 2.ª) - Que, por tanto, el número de titulares es variable e indeterminado. 3.ª) - Que el patrimonio colectivo sea utilizado y aprovechado por la cualidad de miembro de la agrupación vecinal, faltando la idea de cuota en el sentido jurídico romano. 4.ª) - Que el patrimonio y la participación es inalienable e intransferible y se pierde al perder la cualidad de vecino. 5.ª) - La comunidad es indisoluble, los comuneros no pueden pedir ni ejercitar la "actio communi dividundo".

CONSIDERANDO: Que el monte denominado Valdeyuegas, a que se refiere este expediente, reúne todas las características anteriormente enumeradas propias de la comunidad germánica o mano común, por haber sido poseído cosuetudinariamente por los vecinos de Trepa, que vienen poseyendo y aprovechando los rendimientos naturales del monte, desde tiempo inmemorial.

EL JURADO PROVINCIAL DE MONTES EN MANO COMUN, a la vista de los antecedentes y fundamentos de derecho expuestos, ACUERDA:

C L A S I F I C A R : el monte denominado tal como se describe en su perimetro y se configura en el croquis de la carpeta ficha, confeccionado por la investigación Forestal, de una cabida de 125 Ha, que corresponde a los siguientes linderos: Norte, Norte, monte de Feillas; Este, montes de Bemposta y Osoño, y fincas particulares y Oeste, término municipal de Verín (monte de Quiroganes), como perteneciente en régimen de comunidad germánica o mano común, mancomunadamente, a los vecinos de Feillas y Trepa del término de ~~Rios~~. Incluyase en la relación de montes vecinales del término de Villardebós; y de estar consoriciado el monte, una vez firme esta resolución, iniciase el expediente de revisión del convenio con el ICONA.

Notifíquese esta resolución al Sr. Alcalde, Presidente o Representante de la Comunidad y Sr. Ingeniero-Jefe del I. C. O. N. A., a los que se les hará saber que contra esta resolución pueden interponer el recurso contencioso-administrativo, ante la Sala correspondiente de la Audiencia Territorial de La Coruña, en el plazo de DOS MESES, previo el de reposición ante este Jurado Provincial, en el plazo de UN MES, a partir del día siguiente a su notificación.



CLAVE DEL MONTE

Prov.*	Munic.*	Consid. Prop.*	N.º monte
OR	92	4.0	1

• 3.- ESTADO FISICO

Ref.* Índice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

El monte VALDEYEGUAS de vecinos de Trepa está situado al O. de las fincas particulares del pueblo de Feillas, comprendido entre éstas y el término municipal de Verín (monte de Quiroganes).

Está formado por la ladera de bajada hacia el E. desde los altos de Valdeyeguas; tiene pendientes relativamente suaves y altitudes comprendidas entre los 800 y 940 m.

Tiene acceso directo por la pista forestal que enlaza con la carretera general de Villacastón-Vigo en Agua Atallada, en las proximidades del Km. 472.

3.2 SUPERRICUE.

125 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N.- Monte de Feillas.

Ref. Índice	CLAVE DEL MONTE	Prov. *	Muníc. *	Comunidad Prop. *	N.º monte
		OR	92	4.0	1

3.3	E.- Fincas particulares de Feillas. S.- Monte de Bemposta y Osoño. O.- Término municipal de Verín (monte de Quiroganes).
3.4	DESCRIPCION DEL PERIMETRO. Empezando por el extremo N.O. en Fental, en las tres payas de este municipio de Villardeviós con los de Verín y de Castrelo del Valle, divide con monte de Feillas bajando en dirección S.E. por Cumieira hasta las fincas particulares de Feillas; sigue la poligonal que forman éstas en dirección N.-S. hasta llegar a Pozo de Grou, donde concurren montes de Fumaces (Riós) y de Bemposta y Osoño; con este último sigue de E.-O. subiendo por Colmeal hasta Val de Medias, ya en el límite con monte de Quiroganes, con el que divide de S. a N., siguiendo la mojonera entre municipios por alto de Carriceira, Pena das Regadas hasta llegar al alto de Valdegua y Fental, donde se comenzó.
3.5	OBSERVACION SOBRE LIMITE CON FINCAS PARTICULARES El límite de este monte con fincas particulares no puede ser muy preciso si se tiene en cuenta


Prov. ^a	Munic. ^o	Concejal Prop. ^a	N. ^o expediente
DR	92	4.0	1

Det.^a Índice

CLAVE DEL MONTE

3.5

que tambien existe parcelación en el mismo monte. Se ha llegado con los límites de este hasta donde existía seguridad o duda razonable de que pudiera pertenecer al monte de referencia. En caso de que llegase a ser calificado como vecinal en mano común, sería necesario deslinde parcial en tal colindancia con particulares.



Castro del Valle

Término de


de Verín

Término

Carretera de Verín a Soutochao

Carretera Nacional de Zamora a Santiago

Término de Riós





ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA	
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE Delegación Provincial de OURENSE	
Data 03 MAR, 1999	
N.º ENTRADA 2496	N.º SAÍDA -

JUZGADO DE 1ª INSTANCIA
NUMERO DOS
VERÍN (OURENSE)

Procedimiento: MENOR CUANTIA NUM. 29 /93

En virtud de lo dispuesto en el procedimiento arriba referenciado, promovido por D. JOSE GAGO CUESTA y otros representado por el procurador Sr. Alvarez Blanco, contra los EXCMOS. AYUNTAMIENTO DE VILARDEVOS, AYUNTAMIENTO DE (RIOS), todos los vecinos de FEILAS con algún derecho sobre el monte "VALDEYEGUAS", dirijo a V. D. el presente al que se adjunta certificación de la sentencia firme dictada en dicho procedimiento y a los fines de ordenar lo siguiente:

a) Se incorpore a la Carpeta-Ficha del expediente de clasificación del monte "Valdeyeguas", copia auténtica de la Sentencia.

b) Se tenga por modificado el Acuerdo Clasificatorio de dicho monte, en los términos que constan en el fallo de la Sentencia, es decir, en el sentido de reconocer a los vecinos del Pueblo de La Trepá como titulares en exclusiva del mismo, en Régimen de Comunidad Germánica o Mano Común, excluyendo de dicha titularidad a los vecinos del pueblo de Feilás.

En VERIN (Ourense), a 22 de FEBRERO de 1999

EL JUEZ de 1ª INSTANCIA

Fdo. /JOSE MANUEL CALLE

AL SR. ENCARGADO DEL JURADO PROVINCIAL DE MONTES VECINALES EN MANO COMUN, Delegación Provincial de Orense, Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes.

Recibido y firmado en Verín a 22 de Feb. 1999



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

SECRETARIA



ADMINISTRACION
DE XUSTIZA
EN GALICIA

Dona Socorro Bazarra Varela, secretaria substituta da Sala do Civil e Penal do
Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

CERTIFICO: Que no recurso de casación núm. 22/98 desta Sala, se dictou a
seguinte:



"SENTENCIA N° 21/98

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA

Sala do Civil e Penal

Excmo. Sr. Presidente:

Don José Ramón Vázquez Sandes

Ilmos. Sres. Maxistrados:

Don Juan José Reigosa González

Don Juan Carlos Trillo Alonso

Don Pablo Saavedra Rodríguez


Don Pablo A. Sande García

Na cidade da Coruña, catorce de decembro de mil novecentos noventa e oito.

Visto ante a Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constituída en Sala do Civil e integrada polos señores da marxe, o recurso de casación interposto polo procurador don Carlos González Guerra, baixo a dirección do letrado don Emilio Atrio Abad, en nome e representación de don José Gago Cuesta, don Francisco González Pousada, don Jaime Pousada Páez e don Francisco Páez López, contra a sentenza dictada pola Audiencia Provincial de Ourense coñecendo en apelación dos autos de xuízo de menor contía núm. 29/93 do Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 dos de Verín, sobre declaración de propiedade, sendo recorridos,



comparecidos os demandados don Cándido Silva Calvo, don José Silva Rodríguez, don Benigno Rodríguez Toro, don Martín García García e don Manuel Reigada García, representados polo procurador don Ignacio Pardo de Vera baixo a dirección do letrado don Cándido Contreras Orero, e maxistrado relator o Excelentísimo Señor Presidente José Ramón Vázquez Sandes.



Antecedentes de feito

Primeiro.- Os citados como recorrentes aquí, accionando no seu propio nome e dereito e en beneficio da Comunidade do Monte Valdégua, sito en Rabanal, Concello de Vilardevós, formularon demanda de xuízo declarativo de menor contía, que por reparto correspondeu ó Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 dos de Verín que o rexistrou co núm. 29/93, contra o Concello de Vilardevós, o Concello de Riós, todos e cada un dos veciños de Feilas-Vilardevós con casa aberta na dita localidade e as demais persoas descoñecidas que puidesen ter algún dereito sobre o denominado monte, bascándose nos seguintes feitos que alegan:

1º.- Os demandantes e demais veciños do pobo da Trepá son copropietarios en réxime de comunidade xermánica, do monte denominado Valdégua que describen de 106 ha. e 30 a., cunha zona repoboadá de 102 ha. e terreos de propiedade privada enclavados cunha superficie de 4 ha., 30 a., lindando ó norte co monte de Feilas, ó sur con predios de Bemposta e Osoño, comunais e particulares, ó leste predios particulares de Fumaces e Feilas e ó oeste, termo municipal de Verín, monte de Quirogás.

2º.- A pertenza do monte provén do foro particular que lle fixo á comunidade actora o Conde de Monterrei e o de Fumaces, segundo consta no expediente de deslindamento e estrema de 1784 consignado no documento que acompañan co número dous.

3º. Como antecedentes que fundamentan a titularidade sinalan a sentenza dictada o 7 de xuño de 1929 polo Xulgado Municipal de Riós en xuízo verbal



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

REPUBLICA DE ESPAÑA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA



seguido polos veciños da Trepá que citan contra María Pérez González Veciña de Feilas, sentenza que confirmou o Xulgado de Primeira Instancia de Verín pola súa do 10 de xullo do mesmo ano.

4º.- Sinalan o acto de conciliación promovido o 25 de febreiro de 1944 e rematado con avinza.

5º.- Os veciños da Trepá viñeron utilizando, manténdoo indiviso, o monte Valdégúas ata o ano 1950 en que dividían parte do mesmo en varias porcións entre tódolos veciños do pobo, quedando o resto proindiviso para todos eles. Parte desas porcións vendéronse.

6º.- Hai uns quince anos canalizáronse augas para o pobo da Rasela desde un manancial do monte Valdégúas.

7º.- Posteriormente, a parte que quedou sen dividir foi consorciada entre o Concello de Riós e o Patrimonio Forestal do Estado. Suprimido este substitúo Icona e o lugar do concello é ocupado polos veciños propietarios do monte.

8º.- O Xurado Provincial de Montes acordou o 6 de xuño de 1972, iniciar expediente para a clasificación do dito monte o que fixo por acordo do 27 de outubro de 1976. Aínda que só aparecían como propietarios os veciños da Trepá, na parte dispositiva se di que pertence ós veciños de Feilas e A Trepá. Interposto recurso, o xurado rexeitouno porque a materia escapa da súa competencia.

9º.- Ante isto intentouse conciliación cos demandados, a que resultou sen avinza o 6 de decembro de 1979. Seguiuse despois o xuízo de menor contía núm. 49/80 ante o mesmo Xulgado de Verín e despois o núm. 85/82 para dar lugar agora a este novo proceso.

Alegaron os fundamentos de dereito que estimaron oportunos e remataron solicitando que se declare que o monte litixioso corresponde en réxime de propiedade xermánica ou man común, como monte veciñal ós veciños do pobo da Trepá, excepto os terreos de propiedade particular nel enclavados; que o dito monte foi indebidamente clasificado polo Xurado Provincial como pertencente en réxime de propiedade xermánica mancomunadamente ós veciños de Feilas e A Trepá por acordo do 27 de outubro de 1976, declarándoo nulo e sen efecto en canto reconece a copropiedade en



favor do pobo de Feilas e manténdoo en canto o clasifica como propiedade do pobo da Trepá, ó que corresponde en propiedade exclusiva; que como consecuencia toda relación derivada da repoboación do Patrimonio Forestal do Estado debe entenderse cos veciños do pobo da Trepá. Que os demandados sexan condenados a se roxeren polas anteriores declaracións, que se absteñan de calquera acto ou ostentación respecto ó monte e a que o deixen libre e a disposición dos veciños da Trepá, e ó pagamento das custas ós que se opoñan á demanda.

Segundo.- Efectuados os debidos emprazamentos comparece, debidamente representado e asistido, o demandado Concello de Vilardevós contestando e opoñéndose á demanda baseándose nos seguintes feitos:

1º.- Recoñece a actores e demais veciños da Trepá a copropiedade, en réxime de comunidade xermánica, do monte Valdégua. Correspóndelles cos veciños de Feilas. O monte non está no pobo da Trepá, senón no Concello de Vilardevós, pero si se atopa na demarcación territorial eclesiástica da parroquia da Nosa Señora da Trepá, que comprende os termos dos Concellos de Vilardevós e de Riós.

2º.- A parte actora non presenta ningún título xustificativo do dominio que invoca. Non o é a manifestación do perito don Manuel García en 1784. Non presenta a carta foral.

3º.- Igual carecen de efecto o procedemento de 1929 que se invoca e o acto de conciliación que se di.

Invoca a excepción de cousa xulgada e remata solicitando o rexeitamento da demanda con custas.

Terceiro.- Os demandados don Cándido Silva Calvo, don José Silva Rodríguez, don Benigno Rodríguez Toro, don Martín Calvo Barreira e don Manuel Reigada García, veciños do pobo de Feilas no Concello de Vilardevós, contestaron a demanda alegando:



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA

LEY 1/1980



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA



1º.- O monte Valdégua non se atopa dentro do termo da Trepa e do municipio de Vilardevós e os actores non acreditan a súa titularidade. Os Feilas son os foratarios do seu dominio útil pola Real e Militar Orde Relixiosa de Xerusalén, coñecida tamén por Malta.

2º. O Conde de Monterrei carece de títulos sobre aquel monte e por iso non podía dispoñer por foro do dominio útil do mesmo.

3º.- Ningún valor ten a sentenza de 1929 contra María Pérez González.

4º.- Descoñecen o acto conciliatorio que se cita respecto a don Domingo Vaz Pousada e don José Álvarez Reigada.

5º.- Negan o correlativo da demanda por non coñece-lo seu contido.

6º.- Os veciños do pobo da Rasela solicitaron ós de Feilas autorización para conducir augas dun manancial ó seu pobo e concedéronlla.

7º.- Hai menos de quince anos, en 1995, a parte do monte que quedou sen dividir foi consorciada entre o Concello de Riós e o Patrimonio Forestal do Estado e asumidas as funcións deste por Icona, os veciños da Trepa conseguiron figurar en vez do Concello de Riós.

8º.- Certo o primeiro apartado do correlativo e rexeitan os restantes.

9º.- Nada opoñen a este correlativo como tampouco ós catro seguintes.

Alegaron os fundamentos de dereito que estimaron oportunos e remataron solicitando sentenza de absolución libre para os demandados.

Quarto.- Declarados en rebeldía os demandados Concello de Riós e os veciños de Feilas demandados cos que contestaron oportunamente a demanda e celebrada a



comparecencia que establece o art. 691 da Lei de axuízamento civil, procédese á práctica das probas propostas e admitidas ás partes e as que para mellor proveer se acordaron e, seguido o trámite, o Xulgado núm. 2 dos de Verín dictou sentenza o 1 de abril de 1997 contendo a seguinte decisión: *Que estimando como estimo parcialmente la demanda interpuesta por el procurador Sr. Álvarez Blanco, en nombre y representación de D. José Gago Cuesta, D. Francisco González Pousada, D. Jaime Pousada Páez y D. Francisco Páez López, en juicio declarativo de menor cuantía, contra el Ayuntamiento de Vilardevós, el Ayuntamiento de Riós, los vecinos de Feñas con casa abierta en la villa y demás personas desconocidas e inciertas que pudieran ostentar cualquier derecho sobre el monte, con intervención del Ministerio fiscal, debo declarar y declaro que el monte denominado Valdéguas, descrito en el fundamento jurídico II de esta resolución, pertenece, si bien no exclusivamente a los vecinos de la localidad de A Trepa, en cuyo nombre accionan los demandantes, en régimen de copropiedad germánica o mano común; condenando a los demandados a estar y pasar por esta declaración. Y debo desestimar y desestimo en lo demás la demanda, absolviendo en el fondo a los demandados del resto de pedimentos deducidos en su contra. Todo ello, sin hacer expresa imposición de las costas procesales.*

Notificada ás partes a anterior sentenza, foi recorrida en apelación polos demandantes perante a Audiencia Provincial de Ourense que, con data 6 de xuño de 1998, dictou sentenza que contén a seguinte decisión: *Se desestima el recurso de apelación interpuesto por la representación de don José Gago Cuesta, don Francisco González Pousada, don Jaime Posada Páez y don Francisco Páez López contra la sentencia dictada por el Juzgado de Primera Instancia núm. 2 de Verín en el juicio de menor cuantía 29/93, rollo de Sala 436/97, resolución que se confirma y se imponen las costas del recurso a los apelantes.*


Quinto.- Preparado o recurso de casación contra a anterior sentenza polos demandantes formalizárono ante este Tribunal mediante escrito que tivo entrada o 23 de xullo de 1998 baseado nos seguintes motivos:



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE XUSTIZA
EN GALICIA



1º.- Ó abeiro do art. 2.1º da Lei galega 11/1993 do 15 de xullo por infracción dos arts. 1, 2, 3, 9 e 13 a) da Lei galega 13/1989 do 10 de outubro de montes veciñais en man común, do art. 13 da anterior Lei de montes veciñais do 01 de novembro de 1980, do art. 1.3º da Lei 52/1968 do 27 de xullo de montes veciñais en man común e do art. 5 do seu Regulamento do 26 de febreiro de 1970, do art. 1252 do Código civil e da xurisprudencia do Tribunal Supremo aplicable á cuestión.

Malia a parte final dos fundamentos de dereito terceiro e segundo da sentenza recorrida, o monte Valdégua aparece nos autos clasificado como veciñal en man común e cita as sentencias deste Tribunal do 29 de febreiro de 1996 e 19 de xuño de 1997 e tamén a da Audiencia Territorial da Coruña do 30 de decembro de 1987.

2º.- Ó abeiro do art. 2. 1º da Lei galega 11/1993 do 15 de xullo por infracción do art. 1 da Lei galega 13/1989, do art. 11 da Lei 11/1980, do art. 1 da Lei 52/68, do art. 1 do Regulamento do 26 de febreiro de 1970, dos arts. 88 e 89 da Compilación de dereito civil especial de Galicia de 1963, do art. 9.1º da Lei do 10 de marzo de 1941 de reorganización do patrimonio forestal do Estado, do art. 4.3º da Lei de montes do 8 de xuño de 1957, do art. 23 do Regulamento de montes do 22 de febreiro de 1962, en relación cos arts 1216, 1218, 1248 do Código civil, do art. 659 da Lei de axuizamento civil e a xurisprudencia do Tribunal Supremo aplicable á cuestión.

3º.- Ó abeiro do art. 2.1º da Lei galega 11/1993 do 15 de xullo, por infracción dos arts. 25.4º e 40.c) da Compilación galega de 1963, dos arts. 447, 609, 1941 e 1959 do Código civil en relación cos seus arts. 1216, 1218 e 1253, por conculcación das regras da sa crítica art. 659 da Lei de axuizamento civil e xurisprudencia aplicable.

Despata solicitando que, logo da celebración da correspondente vista, se dea lugar ó recurso casando e anulando a sentenza recorrida e se estime integramente a demanda con costas de ambas instancias ós demandados e devolución ó recorrente do depósito constituído.



Sexto.- Concedido ó Ministerio fiscal o trámite que establecen os arts. 1709 e 1731 da Lei de axuizamento civil, o mesmo despachouno coa estimación de que se admita o recurso nos seus tres motivos e así o fixo este Tribunal por auto de data 8 de setembro de 1998.

Sétimo.- Dado tralado do recurso, a parte comparecida nel e recorrida baixo a representación do procurador don Ignacio Pardo de Vera, opúxose a este impugnándoo nos seguintes termos:

1º.- O primeiro motivo de casación é improcedente tanto na forma coma no fondo.

Na forma en canto que a vía procesual é incorrecta ó someter nela un problema de proba que debía ser tratado polo núm. 3 do art. 1692 da Lei de axuizamento civil.

Equipara o recurso de casación a unha terceira instancia, porque non cabe facer un novo proceso valorativo do conxunto probatorio examinado nas instancias.

Inclúe no motivo denuncias de infraccións distintas, non concretando, ademais, o parágrafo infrinxido do precepto. Cita como infrinxidos preceptos de leis derogadas e disposicións regulamentarias. Impugnación dos fundamentos e non da decisión da sentenza de apelación recorrida.

En canto ó fondo porque a sentenza recorrida non contraría ningún dos cinco preceptos da Lei 13/1989 que se citan ó recorrer en casación.

2º.- O segundo motivo de casación é improcedente nas dúas mesmas fronteas.


Na forma porque a vía correcta non é a que se elixe, senón o núm. 3º do art. 1692 da Lei de axuizamento civil, porque formula un problema de proba, denuncia a infracción do precepto de carácter xenérico, non concreta o parágrafo que se di infrinxido, elixe a vía inadecuada para trata-la incongruencia cando o axeitado sería aquel mesmo número, e invoca disposicións regulamentarias.



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA



10

No fondo porque usa unha vía procesual inadecuada. A sentenza do Xulgado de Pontevedra de Riós do ano 1929 foi valorada pola da Audiencia Territorial da Coruña do 30 de decembro de 1987 negándolle a condición de cousa xulgada-matèrial. O acto de conciliación do Xulgado Municipal de Riós do 25 de febreiro de 1944 tamén foi valorado negativamente pola dita sentenza. Os demais documentos, como administrativos, non son idóneos para fundamentar un recurso de casación. Tódolos documentos mencionados polos recorrentes carecen de valor para demostrar que o pobo da Trepá era o único que con carácter exclusivo realizaba actos de posesión e aproveitamento do monte de Valdégúas.

3º. O terceiro motivo de recurso cae nos mesmos defectos cóos anteriores. Trata dun problema de proba por vía inadecuada, inclúe numerosas infraccións que esixen tratamento separado, sinala como infrinxidos preceptos xenéricos.

A acta notarial de 1929 non ten o valor de proba plena que quere dárselle, ó igual cá interpretación que se lle quere dar ás sentencias que se citan como que estudian a mesma.

Oitavo. Completado o trámite sinalouse, definitivamente, o día 30 de novembro último, para a celebración da correspondente vista que tivo lugar, conforme o ordenado, con intervención das partes comparecidas, as cales informaron segundo o solicitado nos seus respectivos escritos.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Aínda cando o recurso de casación limita as posibilidades do Tribunal competente para coñecer del a determinar se ós feitos establecidos na instancia se lles deu solución que en dereito lles corresponde, segundo a denuncia que diso faga a parte recorrente, a facultade dispositiva desa parte non é absolutamente limitadora porque ha de ceder, respectando as facultades do Tribunal casacional, cando o



establecido na instancia transgrede o imperativo legal e a orde pública que esta clase de norma preserva.

Neste sentir ha de precisarse o marco do recurso de casación que nos ocupa, precisión que non pode desligarse dos termos en que quedou trabada a litis polos fundamentos fácticos da pretensión actora -deducida por vía de demanda ou de reconvención- e o reflexo daquilo co que se lles conteste, e con tal efecto temos que ter moi presente que a acción xustificante da aquí demanda rectora se formula sobre o dominio dun monte veciñal en man común, o Valdégua que alí tamén se describe, para a identidade material do cal se establece no feito quinto unha limitación excluínte -a división, en 1950, de parte do dito monte polos veciños que hoxe pretenden aquí o seu dominio comunitario, a adxudicación entre eles desa partición, a venda dalgunha desas partes e o mantemento indiviso do resto- que despois se leva ó apartado a) do suplico en forma expresa -caso de que se examine fóra de toda relación co apartado b)-, sen que os demandados hoxe recorridos fagan diso outra excepción, no correlativo do seu escrito, que a de descoñecemento, non a de falta de verdade do alegado, e non fagan a de valoración, se é o caso, do así alegado.

Como queira que a esa formulación non se fai, aparentemente, excepción ningunha - polo que a este aspecto que suscitamos se refire, pois os demais haberán de estudiarse baixo os motivos de recurso- e é acollido nas dúas sentencias de instancia parecendo, polo silencio que sobre iso gardan, legalizar aquela división do común, a subseguinte adxudicación individual do dominio de cada porción e aínda a súa venda posterior, convén deixar claro que sobre a base de igual silencio non podería concluírse aquí da mesma forma, no caso de coincidencia na resolución.

Este Tribunal Superior de Xustiza ten declarado en sentenza do 17 de decembro de 1996 -co reforzo de tódalas demais que esta recolle e cita- a imposibilidade de todo alleamento ou adxudicación desta clase de propiedade en común e a da súa usucapión e así ha de lembralo aquí aínda cando non se suscitase pronunciamento sobre o particular que, sen embargo, non debe entenderse decidido desde a súa vaga formulación anterior e o seu deixalo ir aínda sen pronunciamento expreso pero con pronunciamento real, en

12
e outra sentenza, non deixa de recollerse a tese que na demanda sostiveron os
recorrentes no que se refire á natureza do ben litixioso, o monte de Valdéguitas.

Sostense ó longo da demanda e conclúese no seu primeiro pedimento, como esencia
das demais declaracións peticionadas dependentemente da principal, que o citado
monte é dos de "réxime de propiedade xermánica ou man común, como monte
veciñal" e é esa, precisamente, a declaración básica que fai a sentenza de primeira
instancia e que despois confirma a que en apelación da mesma dicta a Audiencia de
Ourense cunha expresión moi concreta -"resolución que se confirma", referíndose a
aquela do Xulgado- e hoxe se recorre de forma estraña neste motivo, sen que ós
recorrentes lles asista o menor interese para que se declare redundantemente o que xa
está declarado nese particular.

Terceiro.- Tendo presente o establecido no anterior fundamento, primando sempre o
principio constitucional do dereito á tutela xudicial efectiva para desembarazar este
recurso de todo aquilo que inutilmente o ensombrece desde un afán de cita
inconveniente ó sinalar infraccións que en esencia quedan reducidas ó sinalamento
dunha falta de lóxica para chegar ás conclusións que sosteñen as sentencias de
instancia, os dous últimos motivos do dito recurso, o segundo e o terceiro, han de ser
examinados conxuntamente dada a identidade da súa formulación e desenvolvemento.

Aquela falta de lóxica deductiva e conclufnte iníciase na orde puramente procesual
cando a primeira daquelas sentencias -que é confirmada integramente pola de
apelación- no seu oitavo fundamento de dereito destaca a imposibilidade de declara-la
propiedade do monte litixioso en favor da veciñanza de Feilas co da Trepá, ó faltar
unha reconvención que así o solicitase para a dita veciñanza de Feilas, e sen embargo
converte esa imposibilidade -foi acertadamente apreciada e declarada- en posibilidade
práctica mediante unha artificiosa supresión da denominación "veciñanza de Feilas"
para amparar este grupo humano dentro da declaración expresa da propiedade que
recoñece "ós veciños da localidade da Trepá" a través dunha inconcreta "se ben non
exclusivamente" que constitúe expresión que, en aras dos argumentos a través dos
cales se chega a ela, camufla o nome de Feilas cos seus veciños e convertenda a súa



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA

declaración en cousa xulgada, salva para eles uns dereitos que nin eles mesmos demandaron por vía reconvencional que era a única que lles cabía e a súa necesaria articulación eran conscientes porque, no encadeado litixioso que non outros viñeron sostendo ó longo dos anos, así o fixeran nos autos de maior contía nº 85782 do que daquela era Xulgado de Primeira Instancia único en Verín.

Tal contradictorio razoar esixe, polo seu obvio e transcendental alcance, realizar aquí unha valoración dos mesmos presupostos que levan a facer ese razoar necesariamente lóxico e ó seu acaso imposible pero posibilitada conclusión, recollendo os presupostos na súa singularidade por contar cada un con valores independentes, aínda cando haxan de confluír na estimación ou rexeitamento que da pretensión actora corresponda facer.

Cuarto. Sendo o punto de partida de toda a controversia procesualmente sostida o acordo tomado o 27 de outubro de 1976 polo Xurado Provincial de Montes en Man Común de Ourense, facendo a clasificación do monte de Valdégúas co efecto principal, entre outros, que lle outorgaba o art. 2º da Lei 52/1968 do 27 de xullo e que sostiveron disposicións posteriores ata chegar ó que do mesmo xeito establece o art. 13 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, tamén de montes veciñais en man común, procede facer aquí a súa valoración só en canto del poida derivarse atribución do dominio.

O art. 11 daquela Lei de 1968 xa tiña disposto que as resolucións clasificatorias dos Xurados Provinciais de Montes *habían de ser sempre motivadas nos seus fundamentos de feito e de dereito, excluindo así todo libre arbitrio decisorio, e destes requisitos de validez carece absolutamente -na atribución de titularidades dominicais que fai- aquel Acordo de 1976. Iníciase por pertenza do monte de Valdégúas ós veciños da Trepá co fin de clasificalo así, sostense expresamente que isto é así no seu cuarto fundamento de dereito -"por ser posuído consuetudinariamente polos veciños da Trepá, que veñen posuíndo e aproveitando os rendementos naturais do monte, desde tempo inmemorial"-*, non se contradí isto en ningún outro punto da resolución e, sen embargo dispón resolutivamente que o monte de referencia pertence mancomunadamente ós veciños de Feilas -termo ou localidade que para nada se mencionara antes, fóra de sinalalo seu propio monte como lindeiro norte do de



Valdégua na parte dispositiva da resolución- e A Trepa. Non se explica sobre a base de qué se chega inopinadamente a esa aséptica conclusión e podendo explicar, o Xurado, o seu estraño modo de razoar a través do recurso de reposición que resolve mediante Acordo do 14 de decembro de 1977 elude tal obriga e remítea por enteiro ós tribunais da xurisdicción ordinaria que agora han de asumila plenamente dada a nulidade, producida pola máis absoluta orfandade de razóns, que envolve o pronunciamento do Xurado de montes nese o seu aspecto declaratorio de titularidade dominical dual.

Quinto. As carencias dese anterior punto de partida obrigan, respectando a clasificación e descrición que fai do monte de Valdégua para as que, ademais, existe acordo dos litigantes, a buscar aquí os puntos que demostren a titularidade dominical do terreo, seguindo para iso só os propios razoamentos empregados nas resolucións de ambas instancias e a lóxica en que se sustentan.

Unicamente por razóns de oportunidade procesual, que non por cuestións de fondo, se chega a estima-la propiedade compartida que se declara na instancia a favor dos daquela demandantes, hoxe recorrentes aquí, e, sen darlles nome a causa daquela razón procesual, a favor dos demandados aquí recorridos. Para os primeiros faise un exame da súa proba documental e para a atribución dominical ós segundos pártese do dicir de doce testemuñas aseverando, desde o seu acordar, un aproveitamento do monte de Valdégua por pastoreo e recollida de leñas, o que supón un tempo curto se o comparamos coa posesión inmemorial que é consubstancial ó dominio en común dos montes veciñais.

A introducción dos veciños de Feilas nesa comunidade, faise, ademais, en ambas instancias simplemente negando todo valor concluínte á topografía, á toponimia e á documentación traída ós autos, ou deixando na dúbida e sen resposta situacións acreditadas que esixen a resposta que pode dárselles e se lles dará co resultado que lles corresponda tanto legalmente coma razoablemente desde as regras da sa crítica ou desde o que a normativa impón.



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA
EN GALICIA

Sexto. Os montes veciñais en man común, como xa dicía o art. 1.º da anteriormente citada Lei 52/1968, poden pertencer en Galicia ós máis variados núcleos de poboación -"parroquias, aldeas, lugares, casais, kurrios e outros similares non constituídos formalmente en entidades municipais"- tidos en conta pola unidade conxestionada que lle proporcionan os seus membros a través dos requisitos de ter casa aberta e residencia habitual nesas entidades de poboación sen posibilidade de excluír ningún dos que integran a entidade de poboación de cada caso.

Dubídase nas instancias sobre a extensión territorial do termo A Trepá e constitúeo de forma incompleta para o caso de concibilo como parroquia, pois redúcese esta ó pobo da Trepá e ó pobo de Feilas cando o certo é que a parroquia é a de Santa María de Fumaces e A Trepá na que están incluídas as localidades de Fumaces, da Trepá e de Feilas, co cal a atribución de Valdégúas desde a demarcación parroquial sería para tódolos seus parroquianos integrados por estas tres localidades e non para só dúas delas como se decidiu. Por iso hemos de entender que a concatenación do monte a entidade de poboación se fai documentalmente sempre á localidade da Trepá, do mesmo xeito que se declara que os veciños da localidade de Feilas teñen o seu monte común sen participación de ninguén máis nel; así se establece, mesmo, ó fixa-los lindes daqueloutro aquí en litixio.

Sétimo.- Que o monte de Valdégúas existe e sitúase actualmente no termo municipal de Vilardevós e que o lugar da Trepá pertence ó municipio de Riós é algo que se reconece nas instancias, igual que nelas se reconece que os veciños de Feilas teñen en dominio exclusivo un monte comunal que non se confunde co de Valdégúas porque co norte deste teñen linde que os separa.

Centrándonos nas incidencias que sobre a titularidade daquel primeiro monte se producen e consten nos autos, atopámonos coa data do 7 de agosto de 1784 na que, por motivo doutras dilixencias -deslinde do "termo" Coutorrendondo do lugar de Feilas do mesmo Couto e freguesía-, certamente consta no concello de Vilardevós, a realidade e orixe de Valdégúas, segundo fe notarial que diso se nos dá o 7 de marzo de 1929, por documentación en que aparece mencionado o "termo" de Valdégúas que se



di pertencer ó da Trepa por foro particular "que lle fixo o Excelentísimo Conde de Monterrei e do de Fumaces", utilizando reiteradamente a expresión "termo" que o mesmo no caso de Feilas que no da Trepa non pode referirse máis que a montes pertencentes, respectivamente, a unha ou outra das ditas entidades locais.

Menciónase aquí a orixe, por foro, do monte de Valdégua. As expresións do escrito que recolle en 1929 o señor Notario de Verín han de interpretarse como lles corresponde. Non existe máis título, no que aquí se refire, có de Conde de Monterrei como concesionario de Valdégua en foro ós veciños da localidade da Trepa, segundo o que xa queda exposto. A expresión que lle segue á designación deste título nobiliario en tales escritos -e de "él" (así acentuado) de Fumaces- non cabe que se refira a ese mesmo título nobiliario, pois ademais de que non existe nesa composición nin por separado no do último dos nomes, é fácil deducir que se inmediatamente antes se está a concretar división respecto ó termo de Feilas, a través do marco que se cita, co termo da Trepa, despois -a causa do inciso gramatical que se fai para explicala orixe do foro que indica o da pertenza de Valdégua- faise o mesmo -o pronome "él" substitúe o nomeado termo de Feilas- co termo de Fumaces, que é lugar da mesma parroquia que os tres integran. O marco citado afecta a Feilas, á Trepa e a Fumaces e a súa escrituración a eles soamente.

Chegados a esta única posibilidade, a mención das orixes por foro que se din para o monte de Valdégua, non pode resolverse sinalando que non hai constancia da existencia e contido daquel foro despois de transcorridos "ben dous séculos" desde se fixo aquela mención escrita. Este tempo abonda para facer meditar, polo menos, sobre a posibilidade daquelas orixes.

Sabido é que un dos medios que en Galicia deu orixe ós montes veciñais en man común foi o foro. O foro puido constituírse mediante escritura ou sen máis que a concesión do dominio útil dun terreo e a entrada no seu aproveitamento mediante o pagamento dun canon, do mesmo xeito que, en calquera desas dúas formas de constituírse, o costume chegou a convertelos en duradeiros indefinidamente sen máis ca permanencia no aproveitamento da terra e pagamento do canon constituíndose en



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTIZIA
EN GALICIA



dereito que, ante accións contrarias dos donos directos, sancionou a Real provisión do 11 de marzo de 1763 sen prexuízo de ter que proba-la súa constitución e establecila na forma máis adecuada posible, como permite o art. 4^o 2 da Compilación de 18^{ta} 1963, con consecuencias liberadoras consolidando nos colonos o dominio pleno por tradición ou por non exercicio deste dereito como veu a establecer aquela Compilación do dereito civil especial de Galicia, do 2 de decembro de 1963 no seu art. 35.

Oitavo. Tanto a existencia do foro que se cita -calquera que sexa o valor que se dea a tal cita, menos o de negar que apareza, negativa esta que non se dá na instancia- como a súa consolidación en dominio pleno en forma de comunidade xermánica, requiren a súa corroboración a través dun goce efectivo ou dun aproveitamento das consecuencias da súa existencia por parte dos que sexan os seus titulares con fundamento e non por simple invocación.

Someténdonos a estes condicionantes, en canto son recollidos na instancia como ocorridos, aparece no tempo como primeira a sentenza do 7 de xuño de 1929 dictada polo Xulgado Municipal de Riós nun xuízo verbal que promoven veciños da Trepá á veciña de Feilas dona María Pérez González e na que esta é condenada a absterse de realizar actos de posesión e dominio no monte de Valdégua por pertencer este ós veciños da Trepá, condena e apreciación que a motiva confirmadas despois en grao de apelación polo Xulgado de Verín na súa do 10 de xullo de 1929.

É verdade que estas resolucións non poden constituir excepción de cousa xulgada ó xeito que a contempla o art. 1252 do Código civil, como se sinala nas sentencias de instancia, pero non pode negarse que naquelas resolucións se contén a expresión dun dato que estará revestido da verdade mentres esta non sexa desvirtuada, como se puido ter feito neste procedemento que nos ocupa reconvindo contra esa atribución dominical, tanto coma contra a que se reclama por vía de demanda coa mesma extensión que alí se ten por evidente ou probada, e non se fixo así.

Despois desta innegable comprobación que no seu tempo se fixo, aparece no tempo posterior a presenza e intervención do Concello de Riós no réxime de aproveitamento



do monte de Valdégua, como recoñecen e establecen as sentencias de instancia aínda que conclúan ese dato constatando a ignorancia do seu porqué.

Se non existe a menor dúbida de que o monte de Valdégua é un monte pertencente en man común a veciños, como é corrente en Galicia, temos que ter presente que a Lei de montes do 8 de xuño de 1957 dispoñía no seu art. 4, primeiro, que eses montes se incluían "no Catálogo de Montes a prol da entidade local que o seu núcleo de poboación veña realizando os aproveitamentos". Despois, segue o mesmo artigo -con referencia expresa ás catro provincias galegas- que os ditos "montes pertencentes en man común ós veciños das consuetudinarias demarcacións parroquiais" "serán vinculados ós concellos respectivos, os cales regularán o uso dos seus aproveitamentos" de xeito que, sen prexuízo dos intereses xerais de cada municipio, reciban unha xusta participación os veciños con dereito ós mesmos". De todo iso infírese a lexitimidade rexedora do concello "respectivo" e que ese concello é aquel onde radique o colectivo -a parroquia, o lugar, a poboación ou entidade na que os beneficiarios estean integrados- ó que pertencía e segue a pertence-lo monte aínda antes da súa catalogación e vinculación e despois de levarse esta a cabo. Así se explica a lexitimidade do Concello de Riós ó consorciar co Patrimonio Forestal do Estado o monte de Valdégua que segue a aparecer como da titularidade dos veciños da súa localidade da Trepa e ó repartir no seu día, con estes unicamente, o setenta por cento dos beneficios que se obteñan da repoboación convinda, remontándonos, para iso, ó ano de 1974 e posteriores. Veciños rexedores e despois rexeduría polo concello dos seus avexiñados.

Contra todo esto ningunha oposición, nin sequera obxección, se fixo polos que se estimasen daquela con iguais dereitos que aqueles consignados titulares e beneficiarios e non pode admitirse como xustificación desa pasividade que diso non se dese aviso ós veciños de Feilas, tal como conclúe a sentenza de primeira instancia, porque se é certa esa posesión que invocan para defende-lo seu pretendido dominio en común coñecerían todo -repoboación e corta, e aínda reparto de beneficios- de primeira man para reclamar en tanto tempo, máis de vinte anos, os seus dereitos.



ADMINISTRACION
DE JUSTICIA



ADMINISTRACION
DE JUSTIZIA
EN GALICIA



Todo este discurrir proclama sen vacilacións unha titularidade que, salvo desvirtuamento por outros medios de ó menos igual valor, ha de manterse.

Noveno. Ese establecemento de titularidade única que vai xurdindo en singulares etapas afectantes ó monte de Valdégua non se desvirtúa para introducir nas instancias, con rigor, suxeito que compartía aquela.

O punto de partida establécese ó final do fundamento quinto de dereito da sentenza do Xulgado -confirmada pola da Audiencia- trasladando fóra do acto da delimitación do couto de Feilas, que é o que se fixo en 1784 e se recolle na acta de 1929, a conveniencia de constata-la existencia dun monte comunal no couto da Trepa, se de verdade este existise, cando o procedente -posto que se está a tratar de delimitar propiedades de Feilas- tivese sido que ademais de consigna-la existencia do monte comunal de Feilas, como efectivamente se fixo, se consignase tamén -se é que en verdade existise- a súa participación no monte da Trepa e non se fixo así, senón que se silenciou todo o que á dita cotitularidade se puidese referir, sen dúbida por non existila mesma.

